



DECLARACIÓN DE RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

D/Dª ..... que actúa en nome e representación da entidade ..... co DNI nº ..... que en o seu domicilio en .....

MANIFESTA

Que o día ..... se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do ..... de 2009 pola que se establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para dotación de unidades de I+D dentro das empresas e investimentos innovadores no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, con código de procedemento ..... para o proxecto ..... euros por unha copia de .....

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

..... de ..... de 2009

(sinatura e selo da entidade)

VALIDO SÓ PARA EFECTOS ADMINISTRATIVOS

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se resolve a convocatoria de axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2009.*

Por Orde do 27 de febreiro de 2009 (DOG do 9 de marzo) convocáronse axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos durante o ano 2009, organizadas por corporacións locais e institucións privadas sen ánimo de lucro e legalmente constituídas, pertencentes á comunidade autónoma.

Vista a proposta da Comisión de Selección establecida no punto noveno da devandita orde,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Conceder, con cargo aos conceptos orzamentarios 09.03.422H.460.0 e 09.03.422H.481.0 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, as axudas que se relacionan no anexo I. Nese anexo están tamén incluídas as achegas do Ministerio de Educación a través do Fondo Social Europeo, de 88.880 €, na aplicación 09.03.422H.460.0, e de 24.000 € na aplicación 09.03.422H.481.0

Segundo.-Denegar ou excluír, polas causas que se indican, as solicitudes que se relacionan no anexo II.

Terceiro.-De conformidade co punto décimo primeiro da Orde do 27 de febreiro de 2009, as axudas irán destinadas a sufragar os gastos de persoal que, como mínimo, alcanzarán o 75% do importe total da axuda concedida, e os gastos de funcionamento xerados polo proxecto, que non superarán o 25% do importe total da subvención. Deste 25% permitido para gastos de funcionamento arbitrarase a distribución de gastos de forma que un 20% teña a finalidade de gastos de materiais didácticos (textos e materiais dun só uso e materiais funxibles) e un 5% para outros gastos. No caso de que a actividade se realice na duración prevista e, que por razóns xustificadas, os gastos de persoal resulten menores do 75% da axuda concedida, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá modificar a resolución da concesión da axuda e asignar un novo importe, que será menor do concedido inicialmente e resultado de aplicarlle unha redución nos gastos de funcionamento na mesma porcentaxe que a redución dos gastos de persoal. As axudas serán aboadas unha vez finalizada a actividade no momento da súa completa xustificación.

Cuarto.-Na difusión das actividades subvencionadas mediante esta orde, nas súas convocatorias públicas, publicidade e propaganda, así como nos lugares en que se realizan as referidas accións, deberá figurar

que están financiadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e aparecerá o seu anagrama; e ademais nas actividades que se inclúan nas actuacións do programa operativo do Fondo Social Europeo do Ministerio de Educación deberá figurar o logo do Fondo Social Europeo, o logo institucional do Ministerio de Educación e a mención expresa: Programa cofinanciado polo Ministerio de Educación. Ademais, quedará constancia explícita do dito cofinanciamento nos documentos, folletos, certificados e publicacións que se realicen con motivo da realización da actividade formativa.

Quinto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO I

#### Corporacións locais

Concepto orzamentario 09.03.422h.460.0

#### Provincia da Coruña

Concello	Axuda (€)	Actividade subvencionada
Laxe	6.000,00 €	Alfabetización niveis I e II inmigrantes
Laxe	6.000,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
Camariñas	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Camariñas	6.000,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
Cerceda	6.000,00 €	Alfabetización niveis I e II
Arteixo	6.000,00 €	Alfabetización inmigrantes
Bergondo	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Bergondo	6.000,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
Vedra	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Arzúa	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Carnota	6.000,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
Muxía	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Muxía	6.000,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
Arzúa	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
Oroso	4.500,00 €	Alfabetización niveis I e II
Touro	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Mazaricos	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Arteixo	4.500,00 €	Alfabetización nivel II
A Laracha	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Boimorto	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
Carnota	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
Lousame	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos

Concello	Axuda (€)	Actividade subvencionada
Lousame	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. 1. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Santa Comba	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. 1. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Santa Comba	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. 2. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Vimianzo	4.500,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
Boiro	3.500,00 €	Alfabetización
Ames	3.500,00 €	Graduado en ESO maiores 24 anos
As Pontes	3.500,00 €	Alfabetización nivel II, B
Boiro	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. 2. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Melide	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Miño	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Outes	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Boqueixón	3.500,00 €	Da contía total, 2.620,00 € son a achega da consellería e 880,00 € a achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Carral	3.500,00 €	Alfabetización niveis I e II
Rois	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
As Pontes de García Rodríguez	3.500,00 €	Alfabetización nivel II e A
Boqueixón	3.500,00 €	Alfabetización nivel II
Carral	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Coirós	3.500,00 €	Alfabetización
Miño	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Ordes	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Padrón	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Teo	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Muros	3.500,00 €	Alfabetización
Total.....	203.000,00 €	

#### Provincia de Lugo

Concello	Axuda (€)	Actividade subvencionada
Guitiriz	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Ribas de Sil	4.500,00 €	Alfabetización
Monforte de Lemos	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
O Páramo	3.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Total.....	17.500,00 €	

#### Provincia de Ourense

Concello	Axuda (€)	Actividade subvencionada
Piñor	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Xinzo de Limia	6.000,00 €	Alfabetización mulleres inmigrantes
Xinzo de Limia	6.000,00 €	Alfabetización colectivo xitano
Coles	4.523,44 €	Alfabetización nivel I
O Pereiro de Aguiar	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Piñor	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
O Pereiro de Aguiar	4.500,00 €	Alfabetización niveis I e II
A Veiga	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
Viana do Bolo	4.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Allariz	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Punxín	3.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Punxín	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
A Bola	3.500,00 €	Alfabetización nivel II
Baltar	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Castro do Val	3.500,00 €	Alfabetización niveis I e II
Castro Caldelas	3.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos.
Celanova	3.500,00 €	Graduado en ESO, 18-24 anos
Nogueira de Ramuín	3.500,00 €	Alfabetización
Porqueira	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Rairiz de Veiga	3.500,00 €	Alfabetización nivel II
Vilar de Santos	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Total.....	87.023,44 €	

#### Provincia de Pontevedra

Concello	Axuda (€)	Actividade subvencionada
Cuntis	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo

Concello	Axuda (€)	Actividade subvencionada
O Grove	6.000,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Redondela	6.000,00 €	Alfabetización mulleres estranxeiras
A Illa de Arousa	6.000,00 €	Alfabetización nivel II
O Grove	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
A Illa de Arousa	4.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Ponteareas	4.500,00 €	Alfabetización
Redondela	4.500,00 €	Alfabetización niveis I e II
Ribadumia	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
O Rosal	3.842,66 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Meaño	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Poio	4.500,00 €	Alfabetización colectivo en risco de exclusión
A Lama	4.500,00 €	Alfabetización nivel I
Sanxenxo	4.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Poio	3.500,00 €	Alfabetización da terceira idade
Tomíño	3.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Pontecesures	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Valga	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
A Guarda	3.500,00 €	Graduado en ESO maiores de 24 anos
Baiona	3.500,00 €	Alfabetización
Cambados	3.500,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos
Sanxenxo	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Valga	3.500,00 €	Alfabetización nivel I
Total.....	99.842,66 €	
Total concellos.....	407.366,10 €	

**Institucións privadas sen ánimo de lucro  
Concepto orzamentario 09.03.422h.481.0**

**Provincia da Coruña**

Entidade	Localidade	Axuda (€)	Actividade subvencionada
<i>Religiosas de María Inmaculada</i>	A Coruña	6.000,00 €	Obtención do graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
<i>Cogami</i>	Arzúa	6.000,00 €	Alfabetización
<i>Asoc. Teima de Síndrome de Down</i>	Ferrol	6.000,00 €	Alfabetización
<i>Asoc. Sociocultural Abraio</i>	A Coruña	4.330,00 €	Alfabetización
<i>Asoc. ONG Viraventos</i>	A Coruña	6.000,00 €	Alfabetización
<i>Asoc. de Persoas con Discapacidade Avante</i>	Val do Dubra	6.000,00 €	Alfabetización
<i>Amigos. Aso. de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica</i>	Ribeira	6.000,00 €	Alfabetización
<i>Ecodesarrollo Gaia</i>	A Coruña	4.500,00 €	Alfabetización n.I
<i>Ecodesarrollo Gaia</i>	A Coruña	4.500,00 €	Alfabetización n.II
<i>ONGD Equus Cebra</i>	A Coruña	4.500,00 €	Alfabetización básica
<i>Asoc. Sociocultural de Minusválidos</i>	Ferrol	4.500,00 €	Alfabetización
Total.....		58.330,00 €	

**Provincia de Lugo**

Entidade	Localidade	Axuda (€)	Actividade subvencionada
<i>Fund. Secretariado Gitano</i>	Lugo	6.000,00 €	Alfabetización
Total.....		6.000,00 €	

**Provincia de Ourense**

Entidade	Localidade	Axuda (€)	Actividade subvencionada
<i>C.D.R. Portas Abertas</i>	Verín	4.500,00 €	Alfabetización
Total.....		4.500,00 €	

**Provincia de Pontevedra**

Entidade	Localidade	Axuda (€)	Actividade subvencionada
<i>Lenda. Asoc. de Familiares de Enfermos Mentais</i>	Redondela	6.000,00 €	Alfabetización
<i>ACEESCA</i>	O Porriño	6.000,00 €	Alfabetización I

Entidade	Localidade	Axuda (€)	Actividade subvencionada
<i>APAMP, Asoc. de Familias de Enfermos con Parálise Cerebral</i>	Vigo	4.690,12 €	Alfabetización
<i>Religiosas de María Inmaculada</i>	Vigo	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
<i>Asociación de Maiores de Ponteareas</i>	Ponteareas	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
<i>Fundación Érguete-Integración</i>	Vigo	6.000,00 €	Graduado en ESO 18-24 anos. Achega do Ministerio de Educación. Fondo Social Europeo
Total.....		34.690,12 €	
Total institucións.....		103.520,12 €	

**ANEXO II**

**Concellos**

Entidade	Actividade	Observacións
Arteixo	Alfabetización n.I	Acadou o máximo de axudas subvencionables
Laxe	Graduado en ESO 18-24 anos	Acadou o máximo de axudas subvencionables
Abegondo		Solicitud recibida fóra de prazo
Rianxo		Solicitud recibida fóra de prazo
Mondoñedo	Alfabetización	Non cumpre a temporalización mínima exixida
O Saviñao		Renunciou
Palas de Rei		Renunciou
A Pastoriza		Renunciou
Carballiño	Iniciación profesional	Actividade non subvencionable
Carballiño	Preparación probas de acceso a ciclos	Actividade non subvencionable
Castro Caldelas	Formación en novas tecnoloxías	Actividade non subvencionable
Deputación Provincial de Ourense	Comunicación oral e redacción de documentos en lingua galega	Actividade non subvencionable
Deputación Provincial de Ourense	Curso de xestión informática	Actividade non subvencionable
Maceda	Alfabetización en inglés	Actividade non subvencionable
Rubiá	Alfabetización nivel I	A temporalización do curso non acadou o mínimo exixido na convocatoria
Catoira	Graduado en ESO 18-24 anos	Nin a temporalización nin o número de alumnos acadou o mínimo exixido na convocatoria
Cuntis	Graduado en ESO maiores de 24 anos	O número de alumnos non acadou o mínimo exixido na convocatoria
A Guarda	Alfabetización	Renunciou
A Illa de Arousa	Alfabetización nivel I	Acadou o máximo de axudas subvencionables
Meis		Solicitud recibida fóra de prazo
Soutomaior		Solicitud recibida fóra de prazo

**Asociacións sen ánimo de lucro**

Entidade	Actividade	Observacións
<i>ONGD Equus Cebra</i>	Alfabetización avanzada	Insuficiencia orzamentaria
<i>Religiosas de María Inmaculada. Vigo</i>	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
<i>Fundación Adcor. A Coruña</i>	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
<i>Cogami Ferrol</i>	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
<i>Asociación Alar Galicia. Lugo</i>	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
<i>Xuntos, Asociación Síndrome de Down Pontevedra</i>	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
<i>Alento, Asociación Dano Cerebral. Vigo</i>	Alfabetización I	Insuficiencia orzamentaria
<i>Asociación Fonte da Virxe. Santiago</i>	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
<i>Asociación Ambar das Persoas con Discapacidade Funcional. A Pobra do Caramiñal</i>	Alfabetización I	Insuficiencia orzamentaria

Entidade	Actividade	Observacións
Asociación Ambar das Persoas con Discapacidade Funciona. A Pobra do Caramiñal	Alfabetización II	Insuficiencia orzamentaria
Adace. Asociación de Dano Cerebral Sobrevido de Lugo	Terapia ocupacional	Insuficiencia orzamentaria
Alento, Asociación Dano Cerebral. Vigo	Alfabetización II	Insuficiencia orzamentaria
Asociación de Discapitados da Bisbarra de Muros	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
Cáritas Diocesana Santiago de Compostela	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
Asociación Rexurdir de Actividades Sociais	Español I	Insuficiencia orzamentaria
Asociación Rexurdir de Actividades Sociais	Español II	Insuficiencia orzamentaria
Asociación Síndrome de Down Coruña	Alfabetización	Insuficiencia orzamentaria
Asociación Gallega de Migracións Internacionais	Alfabetización I	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Fundación Down Compostela	Alfabetización	O número de alumnos non acadada o mínimo exixido. Insuficiencia orzamentaria
Asociación de Mulleres de Tordoia	Graduado en ESO	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Federación de Asociacións da Rede Cidadá de Foz	Internet	Actividade non subvencionable
Asociación Síndrome de Down Lugo	Alfabetización	O número de alumnos non acadada o mínimo exixido. Insuficiencia orzamentaria
Adace. Asociación de Dano Cerebral Sobrevido de Lugo	Intervención en logopedia	O número de alumnos non acadada o mínimo exixido. Insuficiencia orzamentaria
Asociación Lucense de Axuda aos Enfermos Mentais (Alume)	Alfabetización	Non cumpre o número mínimo de horas. Insuficiencia orzamentaria
Cogami Monterroso	Alfabetización	Non acadada o número mínimo de alumnos. Insuficiencia presupostaira
Fundación para a Protección de Discapitados Psíquicos de Vilalba A Terra Chá	Alfabetización	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Asociación Cultural Os Tres Reinos	Alfabetización I e II	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Down Ourense	Alfabetización.	O número de alumnos non acadada o mínimo exixible. Insuficiencia orzamentaria
Aexpa	Alfabetización I	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Aexpa	Alfabetización II	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Aexpa	Graduado en ESO	Non cumpre a temporalización mínima exixible. Insuficiencia orzamentaria
Asociación de Veciños O Couto	Introducción a internet	Actividade non subvencionable.
Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas. Vilardevós	Alfabetización	Non acadada o número mínimo de alumnos. Insuficiencia orzamentaria
Cogami Pontevedra	Alfabetización	Non acadada o número mínimo de alumnos. Insuficiencia orzamentaria

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación Efectividade dos programas de tratamento con derivados opiáceos impulsados polo Plan de Galicia sobre Drogas.*

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías corres-

pondentes, logo de informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado, e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

### DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada polo Servizo Galego de Saúde que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

M<sup>a</sup> del Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

### ANEXO

*Efectividade dos programas de tratamento con derivados opiáceos impulsados polo Plan de Galicia sobre Drogas: 21 euros.*

*Orde do 3 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade.*

Co obxecto de mellorar a eficacia na aplicación da delegación competencial realizada por medio da Orde do 15 de xuño de 2009 a prol de órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade, e facilitar o desenvolvemento das funcións inherentes á citada delegación, cómpre realizar as modificacións necesarias para acadar os obxectivos pretendidos.

As modificacións que cómpre realizar atinxen aspectos concretos como son os relativos á tramitación dos expedientes de contido económico e orzamentario correspondentes ao eido competencial da Consellería de Sanidade, así como ao exercicio polas xefaturas territoriais da competencia para a resolución das solicitudes de autorización de funcionamento das oficinas de farmacia.

No primeiro caso, trátase de manter o nivel da delegación competencial nos límites necesarios para evitar eventuais disfuncións ou distorsións na actividade económica e orzamentaria da Consellería de Sanidade, que é exercida de xeito delegado polas unidades correspondentes da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

No segundo caso, trátase de recoller expresamente a delegación realizada por virtude da Resolución do 23 de novembro de 2001, co obxecto de que as actuais xefaturas territoriais poidan continuar resol-